

NOTA DE SOLIDARIEDADE
COS PENSIONISTAS DE EUSKAL HERRIA,
con ocasión das mobilizacións que teñen previstas para o
15/01/2022

O 15 de xaneiro de 2022 haberá importantes manifestacións en diversas localidades de Euskal Herria (en Bilbao, San Sebastián, Vitoria, Pamplona...) para conmemorar o 4º aniversario do inicio das masivas mobilizacións que, dende 2018, veñen realizando as persoas pensionistas da Comunidade Autónoma Vasca e da Comunidade Foral Navarra, en defensa do poder adquisitivo das pensións e en contra da súa privatización.

Os movementos de pensionistas dos diferentes Pobos e Comunidades do Estado que subscribimos esta nota, queremos **saudar ás e aos pensionistas de Euskal Herria e felicitarvos polas vosas masivas mobilizacións**, que son un exemplo para o resto dos pensionistas do Estado español.

Ata o momento, a loita pensionista acadou **importantes vitorias**, como frear o 0,25% de Fátima Báñez, ou impedir que se aplicase o denominado Factor de Sostibilidade. Ademais, permitiu **abrir amplos e importantes debates e mobilizacións sobre aspectos relevantes que nos afectan ás persoas pensionistas**: sobre as precarias pensións mínimas que existen; sobre a inxustiza que supón que non se permita a xubilación anticipada sen penalizar con 40 ou máis anos cotizados; sobre a evidente suficiencia do Sistema Público de Pensións, unha vez que queda claro que os denominados “gastos impropios” deben ser pagados con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado e non pola Seguridade Social; sobre o proceso de privatización das pensións públicas que promove a Reforma Escrivá e que hoxe se concreta nos intentos de Plans de Pensións Privadas da Empresa con financiamento parcialmente público; sobre...

As mobilizacións destes últimos 4 anos certifican o xurdimento dun novo e amplo movemento social, que veu para quedarse: **o movemento pensionista**. Un movemento social amplo, plural, que fai da mobilización (da presenza na rúa) un elemento de identidade, e que conta cunhas estruturas de organización moi liviás e participativas. Un movemento independente dos partidos e dos sindicatos, e tamén dos gobernos, como queda ben claro na nosa consigna central “goberna quen governe, as pensións públicas deféndense”.

Un movemento social que ten entre os seus obxectivos a defensa dos intereses globais dos pensionistas, entre os que destaca a defensa dos nosos **intereses económicos** coa defensa e mellora do poder adquisitivo das nosas pensións como elemento central; pero que fai seus a defensa dos servizos públicos e, dentro deles, os obxectivos dos **servizos sociais dirixidos ás persoas maiores e dependentes** (residencias, atención domiciliaria, centros de día,...) plenamente

públicos e de calidade; servizos sanitarios públicos que inclúan **enfoques específicos dirixidos á atención de saúde das persoas maiores e pensionistas,...**

Unha das principais concrecións do movemento pensionista, en todo o territorio do estado, é a existencia dunha ampla rede de plataformas locais de pensionistas coordinadas de forma diversa, e que están na orixe das organizacións de pensionistas que subscribimos o presente texto. As nosas organizacións, e tamén o Movemento de Pensionistas de Euskal Herria (EHPM), somos plenamente conscientes de que os nosos adversarios son, en moi boa medida, os mesmos. Por este motivo, durante o último ano, **fomos dando importantes pasos na coordinación efectiva das nosas loitas**, respectando sempre a plena soberanía de cada organización. Froito desta coordinación foron varias mobilizacións estatais que, con diferentes formatos, levamos a cabo durante o pasado ano e que pretendemos seguir impulsando no futuro. Na defensa do Sistema Público de Pensións, na loita pola reversión dos recortes nas reformas xa implementadas, e contra a privatización coa que ameazan, seguiremos forxando a unidade de acción do movemento pensionista no conxunto do estado.

As organizacións que asinamos esta Nota de Solidariedade apoiamos a loita de todos os movementos pensionistas do estado que defendan unhas pensións públicas e suficientes, polo que saudamos e solidarizámonos cos pensionistas de Euskal Herria que se mobilizarán o vindeiro 15 de xaneiro.

¡¡ Viva a loita dos pensionistas de Euskal Herria !!

**¡¡ Viva a loita dos pensionistas
de todos os Pobos e Comunidades do Estado !!**

¡¡ GOBERNE QUEN GOBERNE AS PENSIÓNS PÚBLICAS DEFÉNDENSE !!

- **ASJUBI40:** Asociación Jubilación Anticipada sin penalizar
- **COESPE:** Coordinadora Estatal de Pensionistas
- **MADPP:** Movimiento Andaluz en Defensa de las Pensiones Públicas
- **FOAM:** Federación de Organizaciones Andaluzas de Mayores.
- **MODEPEN:** Movemento Galego en Defensa das Pensións e os Servizos Públicos.
- **UNIDAD-COESPE**
- **PLATAFORMAS DE PENSIONISTAS** de Badajoz, Móstoles, ...

11 de xaneiro de 2022